

2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. -Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Específico Parte teórica**" entre os números E1 e E55 e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro "**Específico Parte práctica**" entre os números E56 e E110 da "FOLLA DE RESPOSTAS"
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folia autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web:www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. No doente oncolóxico o termo NADIR refírese a:

- A) Conxunto de tratamento de quimioterapia paliativa.
- B) Sinónimo de Braquiterapia ou Radioterapia interna.
- C) Punto máis baixo no recuento sanguíneo trala administración de quimioterapia.
- D) Técnica inmunohistoquímica con anticorpo monoclonal que proporciona unha medida directa da fracción de crecemento do tecido.

2. Un dos seguintes enunciados non se valora no IMEUPP (Instrumento para a monitoraxe da evolución dunha úlcera por presión):

- A) Tamaño da úlcera.
- B) Cantidade de exudado.
- C) Tipo de tecido no leito da úlcera.
- D) Signos de infección.

3. Respecto ao glaucoma, sinala o enunciado verdadeiro:

- A) É unha neuropatía do nervio óptico.
- B) A elevación da PIO (Presión intraocular) é condición indispensable para o desenvolvemento do glaucoma.
- C) O glaucoma de ángulo pechado é o máis frecuente.
- D) A idade non é un factor de risco a ter en conta.

4. En relación á clasificación do diagnóstico de enfermería NANDA, sinala a resposta CORRECTA:

- A) Aceptada pola Organización Mundial da Saúde (OMS).
- B) Promove unha terminoloxía que reflexa de xeito preciso os xuízos clínicos da enfermería.
- C) Favorece a investigación sobre os cuidados enfermeiros.
- D) Todas son correctas.

1 vial

952440.1

H O X

PANTOMICINA[®] INTRAVENOSA 1g

5. Da imaxe amosada enriba, a letra e os símbolos xunto ao C.N. (código nacional) do medicamento, indícanos:

- A) Que é un medicamento de uso hospitalario, dispensación suxeita á prescrición médica e caducidade inferior a 5 anos.
- B) Que é un medicamento antibiótico de amplo espectro, dispensación con receita oficial de antibiótico e administración exclusiva intravenosa.
- C) Que é un medicamento xenérico, dispensación suxeita á prescrición médica e que leva menos de 5 anos no mercado.
- D) Que é un medicamento de uso hospitalario, dispensación suxeita á prescrición médica e precisa de xestión segura de residuos.

6. En relación coa infección polo VIH (virus da inmunodeficiencia humana), sinala a resposta INCORRECTA:

- A) O TAR (tratamento antirretroviral) debe iniciarse en todos os pacientes con infección por VIH-1, con ou sen sintomatoloxía, e con independencia do número de linfocitos CD4.
- B) Diminuír o diagnóstico tardío da infección polo VIH é un dos principais retos da resposta á epidemia do VIH.
- C) As probas de detección rápida para o cribado precoz obteñen resultados en aproximadamente 20 minutos, teñen unha fiabilidade de máis do 95% e son suficientes para iniciar o tratamento antirretroviral.
- D) O obxectivo do TAR é conseguir, de xeito permanente, a supresión viral por baixo de 50 copias/mL, o que evita a transmisión do VIH, xa que un paciente con carga viral plasmática indetectable suponse intransmisible.

7. Un Índice de Friz de 55 indícanos que a poboación estudada é :

- A) Estacionaria
- B) Progresiva
- C) Regresiva
- D) Madura

8. O efecto da administración de gammaglobulina anti D ás mulleres Rh negativo que xestaron un feto Rh positivo é:

- A) Eliminar as hemacias fetais do sangue materno.
- B) Destruír os antíxenos formados polo sistema inmune da nai.
- C) Proporcionar á muller inmunidade activa permanente.
- D) Evitar a formación de anticorpos anti Rh.

9. Cal das seguintes actividades NON é considerada por Virginia Henderson coma unha necesidade humana básica :

- A) Moverse e manter posturas desexables.
- B) Evitar xogar e participar nas distintas formas de ocio.
- C) Render culto segundo a propia fe.
- D) Utilizar as instalacións sanitarias dispoñibles.

10. Segundo a clasificación dos shocks en función da súa etiopatoxenia, podemos distinguir todos os seguintes, AGÁS:

- A) Hipovolémico.
- B) Distributivo.
- C) Hipervolémico.
- D) Obstrutivo.

11. Como se denomina o plan para a prevención da obesidade infantil en Galicia?

- A) FEMORA.
- B) XERMOLA.
- C) VACGAL.
- D) TELEA.

12. Todas son partes dunha entrevista, AGÁS:

- A) Corpo.
- B) Introducción.
- C) Título.
- D) Desenlace.

13. O paciente con enfermidade celíaca ten que evitar o glute que conteñen os cereais como:

- A) A quinoa.
- B) O triticale.
- C) O alforfón.
- D) O amaranto.

14. Os obxectivos dos informes epidemiolóxicos anuais editados polo Programa Galego de Prevención e Control da Tuberculose son:

- A) Cuantificar os casos novos de tuberculose detectados cada ano.
- B) Describir as características epidemiolóxicas da tuberculose en Galicia e a súa evolución temporal.
- C) Describir as características dos estudos de contactos realizados na nosa Comunidade.
- D) Todas son correctas.

15. O índice que compara a poboación de 6 a 15 anos coa de 45 a 65 chámase :

- A) Índice xuvenil
- B) Índice de Sauvy
- C) Índice de Burgdofer
- D) Índice Pagoda

16. Nun teclado informático, a pulsación simultánea das teclas Ctrl + C sobre un texto seleccionado, ten como resultado:

- A) Copia o texto seleccionado.
- B) Pega o texto seleccionado.
- C) Corta o texto seleccionado.
- D) Borra o texto seleccionado.

17. O trastorno da fala no cal permanece a comprensión pero perdeuse a capacidade de falar, denomínase:

- A) Afasia sensorial.
- B) Afasia sintáctica.
- C) Afasia motora.
- D) Pobreza da fala.

18. Se falamos de factores predispoñentes, facilitadores e reforzantes. A que modelo de aprendizaxe en educación e promoción da saúde nos estamos referindo?

- A) Modelo Gagne.
- B) Modelo de Etapas do cambio.
- C) Modelo PRECEDE-PROCEDE.
- D) Modelo de Etapas.

19. Segundo NANDA "un xuízo clínico en relación cunha resposta humana non desexada dunha persoa, familia, grupo ou comunidade, a unha afección da saúde/proceso vital" é:

- A) Diagnóstico enfermeiro focalizado no problema.
- B) Diagnóstico enfermeiro de risco.
- C) Diagnóstico enfermeiro de promoción da saúde.
- D) Ningunha é correcta.

20. Segundo a escala de Bristol, feces de tipo 3 e 4 considéranse:

- A) Feces duras, estrinximento/constipación.
- B) Feces brandas, tránsito regular.
- C) Feces líquidas, diarrea.
- D) A escala Bristol non está relacionada coa forma das feces.

21. Nunha espirometría simple, a cantidade máxima de aire que se pode inhalar tras unha respiración normal denomínase:

- A) Volume corrente ou volume tidal.
- B) Volume de reserva inspiratorio (VRI).
- C) Capacidade inspiratoria (CI).
- D) Volume de reserva espiratoria (VRE)

22. A atención primaria inclúe entre as súas prestacións:

- A) Cirurxía estética reparadora.
- B) Rehabilitación básica.
- C) Asistencia sanitaria urxente hospitalaria.
- D) Asistencia en hospital de día.

23. A teoría do déficit de autocoidado en enfermaría de Dorothea Orem consta de 4 teorías. NON é unha delas:

- A) Autocoidado.
- B) Coidado interdependente.
- C) Déficit de autocoidado.
- D) Sistemas de enfermaría.

24. En epidemioloxía, un estudo experimental planificado no que, de xeito prospectivo, se comparan dous ou máis intervencións (ou intervención e placebo) preventivas, curativas ou rehabilitadoras, que son asignadas de forma individualizada e aleatoria a un grupo de pacientes para determinar a súa eficacia, denomínase:

- A) Ensaio clínico.
- B) Estudo de prevalencia.
- C) Estudo de cohortes ou de seguimento.
- D) Ningunha é correcta.

25. Consideramos ancián/á de alto risco ou fráxil a aquel/a que:

- A) É maior de 85 anos.
- B) Vive só.
- C) Viuvez inferior a un ano.
- D) Todas son correctas.

26. Cal dos seguintes fármacos que se citan a continuación NON é ototóxico?

- A) Xentamicina.
- B) Furosemida.
- C) Paracetamol.
- D) Naproxeno.

27. A distancia física na que se desenvolve a interacción no proceso de comunicación entre emisor e receptor, coñécese como:

- A) Cinesia.
- B) Paralingüística.
- C) Escoita activa.
- D) Proxémica.

28. Intranet defínese como:

- A) É un programa informático que posibilita que outros programas podan acceder a un ou varios sistemas de bases de datos a través dunha rede.
- B) Rede informática interna dunha empresa ou organismo, baseada nos estándares de Internet.
- C) É un dispositivo de seguridade que monitora o tráfico da rede.
- D) Programa que forma parte do software básico, que se utiliza para xestionar o hardware e posibilita o funcionamento de determinadas aplicacións.

29. Cal dos seguintes enunciados que se citan non forma parte do acrónimo TIME nas UPP (Úlceras por presión)?

- A) Control do tecido non viable.
- B) Control da infección e inflamación.
- C) Control do exudado.
- D) Control do tamaño da ferida.

30. Cal das seguintes NON é unha bacteria causante de enfermidade de transmisión sexual, ETS ? :

- A) Treponema pallidum.
- B) Neisseria gonorrhoeae.
- C) Trichomonas vaginalis.
- D) Chlamydia trachomatis.

31. A finalidade da vendaxe de Velpau é:

- A) A inmovilización do nocello.
- B) Realizar compresión progresiva.
- C) Inmovilizar o ombreiro.
- D) Inmovilizar o xeonllo.

32. Dos principios básicos do SINASP (Sistema de notificación e aprendizaxe para a seguridade do paciente), sinala a resposta INCORRECTA:

- A) Notificación obrigatoria.
- B) Confidencialidade da información.
- C) Permite a notificación anónima e a notificación nominativa.
- D) Análise para a aprendizaxe e a execución de melloras no eido local.

33. En que lei está regulada a aportación do "40 por cento do PVP (prezo de venda ao público) para as persoas estranxeiras non rexistradas nin autorizadas como residentes en España aos que se refire o artigo 3 da Lei 16/2003, do 28 de maio" en materia de prestación sanitaria?:

- A) Real Decreto 1992/2010, do 3 de agosto.
- B) Real Decreto–Lei 1/2015, do 24 de xullo.
- C) Real Decreto–Lei 7/2018, do 27 de xullo.
- D) Real Decreto–Lei 7/2018, do 17 de xullo.

34. Indique a causa non patolóxica máis frecuente de ictericia por hiperbilirrubinemia no período neonatal:

- A) Fisiolóxica.
- B) Hemolítica ABO.
- C) Hemolítica Rh.
- D) Baixo peso de nacemento.

35. Cal das seguintes NON se considera fase do dó descrita por Kübler–Roos?

- A) Negación.
- B) Depresión.
- C) Percepción.
- D) Aceptación.

36. O signo de Chovstek e Trosseau está presente en:

- A) Hiperparatiroidismo.
- B) Hipoparatiroidismo.
- C) Hipertiroidismo.
- D) Hipotiroidismo.

37. A intensidade mínima dun estímulo que esperta a sensación de dor denomínase:

- A) Tolerancia á dor.
- B) Limiar da dor.
- C) Pico máximo da dor.
- D) Dependencia á dor.

38. A manobra de Adams utilízase para:

- A) Comprobar a luxabilidade nunha cadeira reducida.
- B) Comprobar que os testículos estean no escroto.
- C) Detectar a presenza de escoliose.
- D) Verificar a visión do adolescente.

39. Un dos nutrientes enumerados a continuación, NON se atopa nas fórmulas poliméricas:

- A) Aminoácidos libres.
- B) Illados de proteína de soia.
- C) Maltodextrinas.
- D) Triglicéridos de cadea longa.

40. Segundo a OMS (Organización Mundial da Saúde) con respecto á desinfección de mans con solución antiséptica hidroalcohólica, sinala a resposta CORRECTA:

- A) Duración do procedemento entre 20 e 30 segundos.
- B) Substitúe ao lavado tradicional de mans cando están visiblemente sucias.
- C) Unha vez secas, as mans son seguras.
- D) A e C son correctas.

41. As defuncións de menores dun ano dividido entre nados vivos–ano X 1000 relaciónase con:

- A) Taxa de mortalidade infantil.
- B) Taxa de mortalidade perinatal.
- C) Taxa de mortalidade intranatal.
- D) Taxa de mortalidade prenatal.

42. A percepción dunha imaxe, un obxecto ou dun estímulo exterior inexistentes que son considerados como reais é:

- A) Unha alucinación.
- B) Un delirio.
- C) Unha depresión.
- D) Unha ilusión.

43. Que estilo de comunicación ten como obxectivo evitar o conflito cos demais a calquer prezo e en todas as situacións?

- A) Pasivo.
- B) Asertivo.
- C) Agresivo.
- D) Manipulador.

44. Os informes verbais de enfermaría que se dan no cambio de quenda corresponden á etapa do PAE (proceso de atención de enfermaría) de:

- A) Valoración.
- B) Diagnóstico.
- C) Execución.
- D) Avaliación.

45. Cal dos seguintes NON forma parte da unidade básica asistencial nun protocolo de visita domiciliaria?

- A) Enfermeiro/a.
- B) Médico/a.
- C) Persoal de servizos xerais.
- D) Traballador/a social.

46. A dieta dunha persoa con diverticulose intestinal debe ser:

- A) Rica en proteínas.
- B) Rica en fibra.
- C) Baixa en sodio.
- D) Hipercalórica.

47. Respecto á morbilidade, sinala o enunciado verdadeiro:

- A) A morbilidade é unha medida que achega información acerca dos problemas que ocasionan mortes.
- B) É un indicador positivo de saúde.
- C) A morbilidade diagnosticada é o conxunto de patoloxías ou problemas de saúde que non son percibidos e que tampouco se diagnosticaron nas institucións sanitarias.
- D) A morbilidade percibida ou sentida é o conxunto de problemas de saúde que a poboación sente e polos que demanda a asistencia sanitaria.

48. Na nutrición enteral continua, o cambio de sistema farase:

- A) Cada 72 horas.
- B) Cada 24 horas.
- C) Cada 12 horas.
- D) Cada 8 horas.

49. Segundo a ADA (Asociación Diabete Americana), nunha persoa con recente diagnose de diabete mellitus tipo 2, cando debería realizarse o cribado de retinopatía diabética?

- A) Ao ano.
- B) Aos 2 anos.
- C) Aos 5 anos.
- D) Ao momento da diagnose.

50. A posición do paciente indicada para a realización dunha tiroidectomía é :

- A) Fowler
- B) Jakknife
- C) Proetz
- D) Morestin

51. Na aplicación informática GACELA (Xestión Avanzada de Coidados de Enfermería Liña Abierta) a dor rexístrase na gráfica de constantes (5ª constante) e os aspectos cualitativos da valoración inclúiranse nos Rexistros Especiais, no apartado de Evolución e na historia clínica electrónica do paciente (IANUS). En relación ás escalas a aplicar segundo a idade e características do paciente indique a afirmación INCORRECTA:

- A) En adultos, para medir a intensidade da dor, utilizarase a Escala EVA.
- B) En pacientes con deterioración cognitiva, diminución de conciencia ou con patoloxía psiquiátrica, non se pode aplicar a Escala EVA.
- C) En neonatos e ata os tres meses de idade realízase aplicando a Escala CRIES.
- D) A partir dos 7 anos utilizaremos a Escala FLACC.

52. En que etapa do Proceso de Atención de Enfermaría se establecen as prioridades?:

- A) Valoración.
- B) Execución.
- C) Planificación.
- D) Diagnóstico enfermeiro.

53. Quen acuñou o termo de esquizofrenia tal como hoxe o coñecemos?

- A) Meyer.
- B) Descartes.
- C) Kraepelin.
- D) Bleuler.

54. Un mecanismo compensador da alcalose metabólica é:

- A) Aumento de $p\text{CO}_2$.
- B) Diminución de $p\text{CO}_2$.
- C) Aumento do bicarbonato.
- D) Diminución do bicarbonato.

55. Na nutrición parenteral, os sistemas de infusión cámbianse cada:

- A) Cada 24 horas.
- B) Cada 48 horas.
- C) Cada 72 horas.
- D) Cada 7 días se se considera sistema cerrado.

56. Lisandro, doente da súa unidade de enfermería, vai recibir o seu ciclo de quimioterapia. Na administración, vostede terá en conta unha serie de observacións. Indique a resposta INCORRECTA:

- A) Seguindo os cinco principios de administración da medicación, verificar: fármaco, dose, vía, hora e paciente correcto. Asegurarse de que non existe contraindicación ou alerxia ao fármaco.
- B) Comprobar a administración previa da medicación prescrita: pauta de hidratación, pauta antiemética, terapias coadxuvantes establecidas en cada caso.
- C) Elección da vía: recoméndase a punción na fosa antecubital, xa que presenta menor risco de extravasación.
- D) Programar a bomba de infusión, comprobando volume e velocidade de infusión. Resetear a cero a bomba antes de comezar o tratamento dun doente, ou co mesmo doente, antes de cambiar de citostático.

57. Cal das seguintes non é unha característica do cefalohematoma que padece Ana?

- A) É unha colección serosanguinolenta subcutánea e extraperióstica.
- B) Xeralmente é unilateral.
- C) Non pasa os límites das suturas.
- D) Pode existir unha fractura lineal subxacente.

58. A capacidade de ser honesto, claro e directo á hora de transmitir malas noticias, denomínase:

- A) Simpatía.
- B) Empatía.
- C) Asertividade.
- D) Autoconfianza.

59. Dos obxectivos que se enuncian, cal non está formulado correctamente para un plan de cuidados?:

- A) Manter a hidratación do paciente diariamente.
- B) A paciente levantarase á cadeira de brazos 2 veces por quenda.
- C) O paciente realizará exercicios co incentivador respiratorio segundo as instrucións recibidas ao ingreso.
- D) A ferida estará limpa, seca e protexida.

60. A Julián daríalle as seguintes indicacións respecto dos ácidos graxos hiperosixenados, excepto:

- A) Son produtos compostos por ácidos graxos esenciais que foron sometidos a un proceso de hiperosixenación.
- B) Utilízanse na prevención de UPP (úlceras por presión).
- C) Adminístrase como unha suave masaxe sobre a zona da prominencia ósea afectada.
- D) Pódese repetir a súa aplicación 2-3 veces ao día.

61. Xulio é un doente de 40 anos, ao que ten que realizarlle a proba da tuberculina (PT). En relación a esa técnica e lectura indique a resposta INCORRECTA:

- A) Introducirá 0,1 ml. do PPD (Derivado Proteico Purificado), que contén 2 unidades internacionais (UI), vía intradérmica, non subcutánea, preferentemente na superficie ventral do antebrazo e onde non existan vasos sanguíneos.
- B) Utilizará xiringas e agullas sen unión, dun só uso e graduadas en décimas.
- C) No caso de que a inxección, por accidente, se aplicase subcutaneamente, ou de que unha parte significativa da dose salira do sitio da inxección, a proba non poderá repetirse ata pasados entre 7 e 10 días.
- D) Se no doente non se realiza a lectura da proba entre as 48–72 horas e acode na primeira semana despois de administrala, debe examinarse a zona onde se puxo e medir a induración. Se a induración é suficientemente grande como para considerala positiva, rexistrarse o resultado.

62. Durante a administración dunha inxección intramuscular, Manuel quéixase de sensación de ardentía. Isto ocorre cando a medicación:

- A) É liposoluble.
- B) Ten un pH diferente.
- C) Contén excipientes microcristalinos.
- D) Atravesa un vaso sanguíneo.

63. Se estamos ante un doente diagnosticado de Alzheimer que é incapaz de andar, incontinente, con disfaxia e mutismo. En que fase da enfermidade nos atopamos?

- A) Fase inicial.
- B) Fase intermedia.
- C) Fase terminal.
- D) Fase de desafiuzamento.

64. Durante a cirurxía un membro do equipo contamina un dos seus guantes. Sinala a actuación incorrecta:

- A) A enfermeira circulante retira o guante contaminado.
- B) A enfermeira circulante axuda a repoñer o guante se se trata da enfermeira instrumentista.
- C) A enfermeira instrumentista axuda a vestir o guante se se trata doutro membro do equipo.
- D) A enfermeira instrumentista pode colocarse un segundo guante sobre o contaminado ou reemprazalo con técnica aberta.

65. Ante un doente que acode ao seu centro de saúde con sospeita de ICTUS, que medida NON tomaríamos?

- A) Repouso con cabeceira elevada 30–45 °.
- B) Administrar sempre osíxeno.
- C) Toma de constantes.
- D) Colocación de vía venosa.

66. Sabemos que o obxectivo da prevención secundaria segundo a OMS é:

- A) Evitar a adquisición da enfermidade.
- B) Detectar a enfermidade en estadios precoces.
- C) Tratamento e rehabilitación.
- D) Ningunha das anteriores.

67. Cristina e José consultan sobre os métodos definitivos de anticoncepción. Con respecto á eficacia das técnicas informarase de que:

- A) A ligadura tubárica é eficaz aos 7 días da intervención.
- B) A obstrución tubárica é eficaz 2 meses despois da súa realización.
- C) A vasectomía é eficaz dende o momento da intervención.
- D) Tras a vasectomía hai que realizar un espermograma 3 meses despois da intervención, ou tras 20 exaculacións.

68. Carmen acode ao centro de saúde para control rutinario do embarazo. Durante a exploración comenta a súa preocupación por unhas manchas escuras que lle saíron na faciana. A actuación correcta será:

- A) Derivar ao dermatólogo para valoración.
- B) Explicar que é un cambio fisiolóxico propio do embarazo que se chama cloasma.
- C) Explicar que é unha modificación vascular propia do embarazo que se chama eritema facial.
- D) Explicar que é un signo de anemia fisiolóxica e comprobar se está a tomar ferro.

69. Como enfermeiro/a de atención primaria sabe que dentro das normas de administración de vacinas están:

- A) Comprobar que a vacina estea en boas condicións, data de caducidade e aspecto físico.
- B) Axitar a vacina para garantir a súa disolución.
- C) No caso das vacinas de administración parenteral, sacar a vacina da neveira 5-10 minutos antes para que se tempere.
- D) Todas son normas de administración correcta.

70. Que escala usaría para a valoración do doente con sospeita de ICTUS?

- A) Escala Canadiense
- B) Escala de Hamilton.
- C) Escala SOFA.
- D) Escala de Barthel.

71. Xulia, 84 anos, é doente da súa unidade e dáselle a alta para que se vaia ao seu fogar cunha SNG (sonda nasogástrica) e NE (nutrición enteral). No Informe de Alta de Enfermería rexistrará unha serie de recomendacións. Indique a afirmación INCORRECTA:

- A) Administración de auga a través da sonda, segundo prescrición, barre os residuos de fórmula e prevense o crecemento bacteriano.
- B) A administración por gravidade adoita ser mellor tolerada, xa que a infusión se fai en períodos superiores a 30 minutos.
- C) Ao introducir a alimentación gradualmente en canto a volume, concentración e ritmo da perfusión, non se reduce o risco de diarrea e a intolerancia gástrica.
- D) Administrar a NE a temperatura ambiente; se se dá fría, pode provocar diarrea e se se administra quente, pode alterar o produto.

72. Águeda é unha doente de 65 anos, á que lle diagnosticaron de Tuberculose. Comeza o seu tratamento con RIFAMPICINA entre outros bactericidas. Entre as indicacións que lle dará sobre a correcta administración, sinale a resposta CORRECTA:

- A) Debe tomalo co estómago baleiro para maximizar a súa absorción, polo menos 30 minutos antes das comidas ou 2 horas despois.
- B) Pode presentar: náuseas, vómitos, dor epigástrico, anorexia. Aínda que a rifampicina recoméndase tomar en xaxún, estes síntomas poden mellorar se se toma con alimentos.
- C) Os antiácidos diminúen a absorción de rifampicina, polo que lle recomenda separar as tomas.
- D) Todas as respostas son correctas.

73. Alfredo é un neno que padece intolerancia á lactosa. Vostede diralle que a lactosa está constituída por:

- A) Glicosa e fructosa.
- B) Glicosa e galactosa.
- C) Galactosa e fructosa.
- D) Glicosa.

74. Uxía é unha nena de 2 anos atropelada na rúa. Ao chegar os servizos de emerxencias extrahospitalarias atópase inconsciente, cunha contusión forte na cara, pulso débil e deformidade no membro inferior dereito. Logo de varios intentos e ante a imposibilidade de canalizar unha vía intravenosa, deciden inserir unha vía intra-ósea (IO) coa broca. Cos datos anteriores e en relación á vía intra-ósea, indique a opción INCORRECTA:

- A) Non se colapsa en situacións de shock.
- B) A solución administrada acada rápidamente a circulación sistémica.
- C) A inserción recomendada no esterno en menores de 3 anos é ao nivel do 2º-3º espazo intercostal e a 3-2 cm da liña media.
- D) Capacidade similar a calquera vena periférica, permite a administración de calquera tipo de fármacos, hemoderivados e tamén infundir grandes cantidades de líquidos.

75. Arturo, de 3 anos, ingresado na súa unidade por febre. Entre os rexistros especiais a cubrir atópase a Escala Braden Q. Cal das seguintes variables avaliará? Indique a resposta CORRECTA.

- A) Mobilidade, actividade, percepción sensorial, humidade da pel, fricción e cizalla, nutrición e idade.
- B) Mobilidade, actividade, percepción sensorial, humidade da pel, fricción e cizalla, nutrición e perfusión tisular e osixenación.
- C) Alimentación, deambulación, continencia, incontinencia, arranxo persoal, osixenación e idade.
- D) Inestabilidade motora, déficit sensorceptivo, medicamentos, condicións da contorna, enfermidade, idades extremas.

76. Acode á nosa consulta un doente ancián con presbicia, con que relacionamos a mesma?

- A) Opacidade do cristalino.
- B) Rixidez do cristalino.
- C) Enoftalmía.
- D) Arco senil.

77. Marisa é unha persoa con prediabete. Segundo a ADA (Asociación Diabete Americana), unha das seguintes recomendacións que se citan a continuación non estaría aconsellada:

- A) Recoméndase monitorar a glicemia anualmente en persoas con prediabete para detectar novos casos de diabete mellitus.
- B) Débese propoñer aos pacientes con prediabete un programa de intervención sobre os estilos de vida co fin lograr e manter unha perda ponderal do 7%.
- C) Realizar unha actividade física moderada polo menos de 100 minutos á semana.
- D) A terapia con metformina para a prevención da diabete mellitus tipo 2 é unha alternativa nos pacientes con prediabete, especialmente para aqueles cun IMC (Índice de masa corporal) maior ou igual a 35 Kg/m², ás persoas menores de 60 anos ou en mulleres con antecedentes de diabete xestacional.

78. Acode un doente ao seu centro de saúde para realizar un ECG de 12 derivacións, onde colocaría V4?

- A) Cuarto espazo intercostal esquerdo, xunto ao esterno.
- B) Quinto espazo intercostal esquerdo, na liña medio clavicular.
- C) Cuarto espazo intercostal dereito.
- D) Quinto espazo intercostal esquerdo, liña axilar media.

79. Marcial ten 80 anos e chega a urxencias por un mareo intenso que case perde o coñecemento. Refire que ten glaucoma e bota timolol gotas. Ao medir o pulso a frecuencia cardíaca é moi baixa polo que se realiza un electrocardiograma no que se observa que algunhas ondas P van seguidas dun QRS e outras non. Isto indícanos :

- A) Un bloqueo auriculoventricular de primeiro grao.
- B) Unha pausa sinusal.
- C) Unha bradicardia sinusal.
- D) Un bloqueo auriculoventricular de segundo grao.

80. Gael é un lactante de 6 meses que acode a Urxencias por aumento no numero das deposicións, estas son semilíquidas. Aмосa datos de deshidratación como: mucosas secas, ollos lixeiramente fundidos, con pouca bágoa, prego cutáneo positivo, fontanela levemente deprimida. Ten vómitos ocasionais aínda que tolera algunha toma. Os pais refiren que aínda que segue ouriñando, "non empapa" os cueiros coma antes. Estivo na súa revisión e vacunación nos días previos e ten rexistrado un peso de 8.020 kg. En Urxencias compróbase un peso de 7.400 kg. Cos datos indicados, a deshidratación poderíamola clasificar coma:

- A) Deshidratación leve.
- B) Deshidratación Moderada.
- C) Deshidratación Grave.
- D) Estado de shock.

81. Atopámonos na consulta cun doente cuxo comportamento está baseado na hostilidade, a agresión e a manipulación. Mentiroso, impulsivo e do cal non nos podemos fiar. Segundo o DSM-V sabemos que estamos ante un:

- A) Trastorno antisocial da personalidade.
- B) Trastorno evitativo da personalidade.
- C) Trastorno límite da personalidade.
- D) Trastorno obsesivo compulsivo da personalidade.

82. Que acción das seguintes evitaría para tratar a anorexia que padece un enfermo terminal?

- A) Coidar a presentación dos pratos.
- B) Administración de corticoides vía oral.
- C) Administración de complexos vitamínicos.
- D) Comer con frecuencia e en poucas cantidades.

83. Se tivera que clasificar segundo a OMS o tipo de dor de Uxía en función da súa patoxenia, que termo usaría?

- A) Aguda.
- B) Moderada.
- C) Visceral.
- D) Neuropática.

84. Marisa estivo de viaxe e esqueceu retirar o anel vaxinal. Se leva un atraso de máis de 7 días na súa retirada deberá:

- A) Poñer outro nese momento e evitar tomar fármacos que interaccionen co anel durante 7 días.
- B) Retirar o anel, descansar 7 días e comezar un novo ciclo.
- C) Retirar o anel, poñer un novo, comezar un novo ciclo e utilizar preservativo 7 días.
- D) Retirar o anel e esperar 4 horas antes de poñer o seguinte.

85. Ramiro vaise preparar para unha fístula arterio-venosa interna, cal das seguintes accións non sería aconsellable no postoperatorio?

- A) Á saída do quirófano elevar o brazo durante 24-48 horas.
- B) Valorar o correcto fluxo da fístula (auscultación do " Thrill").
- C) Esperar de 10 a 15 días antes de puncionar para realizar a terapia con diálise.
- D) Non tomar TA nin colocar vías periféricas no brazo da fístula arterio-venosa.

86. Ramón de 39 anos, fumador de 2 paquetes de tabaco diarios, acode ao servizo de urxencias por dor torácica. No electrocardiograma obsérvase elevación do ST nas derivacións I, aVL, V₅ e V₆. Esta alteración indícanos:

- A) Pericardite aguda.
- B) Infarto agudo de miocardio anterior.
- C) Infarto crónico anterior.
- D) Infarto agudo de miocardio lateral.

87. Acode á nosa consulta do centro de saúde o coidador principal dun doente encamado, amosando síntomas de fatiga no rol do coidador, que escala usaríamos para valorar o mesmo?

- A) Escala de Yesavage.
- B) Escala de Hamilton.
- C) Test de Raven.
- D) Test de Zarit.

88. Claudia, de 16 meses, ingresa na súa unidade con febre, exantema, lesións papulosas, vesiculares e algunha costra localizadas no tronco, cara e extremidades. Perante a sospeita de varicela por Virus-Zoster e ata confirmación, estableceranse as seguintes medidas. Sinale a resposta CORRECTA:

- A) Illamento de contacto.
- B) Illamento por gotas.
- C) Illamento de contacto e illamento por aire.
- D) Illamento de contacto e illamento por gotas.

89. Rosa chega á planta co seu bebé procedente do paritorio. Tivo un parto normal hai 3 horas. A enfermeira que a recibe valorará de xeito prioritario:

- A) Se hai que administrarlle gammaglobulina anti D.
- B) O estado de conciencia.
- C) A consistencia e involución uterina.
- D) Se dou xa de mamar ao bebé ou hai que darlle un biberón.

90. Acode á nosa consulta un doente para pedirnos información sobre un ganglión que lle acaban de diagnosticar. É FALSO que:

- A) Son as tumoracións benignas máis comúns nas partes brandas da man.
- B) Son máis frecuentes entre os 20 e os 40 anos.
- C) Atópanse de forma máis habitual no pulso.
- D) Están formados por ácido úrico.

91. A señora Paulina L.R. está ingresada por ameaza de parto prematuro. O xinecólogo pauta atosiban 18 mg/h durante 3 horas. Cada vial contén 37,5 mg/5ml. A enfermeira carga 2 viais en 100 ml de salino, tras retirar 10 ml previamente. A velocidade de infusión será:

- A) 18ml/h
- B) 24 ml/h
- C) 54 ml/h
- D) 75ml/h

92. María de 29 anos é diagnosticada dun TCA (Trastorno da conduta alimentaria) tipo AN (Anorexia nerviosa). Segundo a DSM-V un dos seguintes criterios diagnósticos é FALSO, sinale cal é:

- A) Restrición da inxesta que conduce a un peso corporal significativamente baixo con relación á idade, ao sexo, o curso de desenvolvemento e a saúde física.
- B) Medo intenso a gañar peso ou engordar, ou comportamento persistente que interfere no aumento de peso, mesmo con peso significativamente baixo.
- C) Alteración na forma que un mesmo percibe o seu propio peso ou constitución.
- D) Nas mulleres postpuberais, presenza de amenorrea; por exemplo ausencia de polo menos seis ciclos menstruais consecutivos.

93. Respecto ó programa galego para a detección precoz de enfermidades endócrinas e metabólicas en período neonatal, unha das seguintes indicacións é falsa:

- A) O programa galego para a detección precoz de enfermidades endócrinas e metabólicas en período neonatal ten como poboación obxectivo a todos os neonatos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- B) Para a realización das probas de cribado, o programa establece a obtención dunha mostra de urina e a extracción dunha mostra de sangue, tras 48 horas de iniciar a alimentación proteica.
- C) De non poder tomar as mostras o día recomendado, deberá facerse canto antes a partir do cuarto día.
- D) Recoméndase que a toma da mostra de sangue non se faga antes das 48 horas pola posibilidade tanto de falsos positivos como de falsos negativos nas diferentes patoloxías detectadas.

94. Cando definimos o concepto de tolerancia ás drogas, a que nos estamos referindo?

- A) O nivel de droga que un organismo tolera sen causarlle dano constatable.
- B) A necesidade de recibir unha nova dose de droga.
- C) O aumento de dose necesario para conseguir o efecto desexado.
- D) Ningunha das anteriores.

95. Acode ao PAC un doente de 30 anos que tras unha caída lle diagnostican fractura de clavícula. Cal será, de entrada, o tratamento máis axeitado?

- A) Derivalo ao hospital para tratamento cirúrxico.
- B) Inmobilización simple con estribeira ou vendaxe en oito, durante 4 semanas.
- C) Colocación de xeso.
- D) Ningunha das anteriores.

96. Ezequiel é un neno de 25 kg de peso, normohidratado. Segundo a regra de Holliday, as súas necesidades basais de líquidos intravenosos estímense en:

- A) 1500 ml.
- B) 1600 ml.
- C) 1800 ml.
- D) 2500 ml.

97. Tomás é un doente diagnosticado de úlcera péptica, que recomendacións incluírías na súa educación sanitaria?:

- A) Lavar as mans con frecuencia, preparación hixiénica dos alimentos e beber auga segura.
- B) Manter o tratamento indicado ata melloría dos síntomas.
- C) Tomar antiinflamatorios non esteroideos, AINES, con leite.
- D) Realizar 3 comidas e beber antes para evitar a dor.

98. Osvaldo é un doente de 25 anos ingresado na súa unidade, diagnosticado de gripe e co seu illamento correspondente, ao que lle solicitaron unha radiografía de torax pola sospeita de derramo pleural. Chámanlle do Servizo de Rx (Radioloxía) para que acoda a facela. Indique a actuación CORRECTA:

- A) Anúlase a radiografía por mor do illamento.
- B) Comunica ao Servizo de Rx o illamento prescrito e solicita que a radiografía se lle faga na habitación.
- C) Comunícase ao Servizo de Rx o illamento e traslada ao paciente con mascarilla.
- D) Comunícase ao Servizo de Rx o illamento de contacto e traslada ao paciente con bata desbotable e mascarilla.

99. Entra no Punto de Atención Continuada un varón de 52 anos, pálido, suorento e que se queixa de dor no peito, cal sería a primeira actuación?

- A) Extracción de sangue para analítica.
- B) Administrar nitroglicerina sublingual.
- C) Realizar ECG de 12 derivacións.
- D) Ácido acetilsalicílico(AAS) 250 mg.

100. Darío é un lactante de 8 meses, peso: 8,270 Kg, talla: 71 cm, perímetro abdominal: 46 cm, perímetro cranial: 44 cm. ao que lle pautaron amoxicilina/clavulánico por vía oral 270 mg cada 8 horas. Calcule a dose en volume, sabendo ademais que cada ml de suspensión oral contén amoxicilina trihidrato equivalente a 100 mg de amoxicilina e clavulanato potásico equivalente a 12.5 mg de ácido clavulánico e que dispón dunha presentación de xarope para preparar 120 ml de suspensión:

- A) 33.75 ml.
- B) 27 ml.
- C) 2.7 ml.
- D) 3.2 ml.

101. Antón é un doente oncolóxico da súa unidade de enfermería a tratamento con quimioterapia. Durante a administración do ciclo intravenoso de vincristina, avísalle por sensación de dor, próido e presión na zona da vía pola que se lle administra o fármaco. Ante a sospeita de extravasación do citostático, indique a resposta **INCORRECTA**:

- A) Deterá a infusión do fármaco.
- B) Retiráralo inmediatamente o catéter.
- C) Manter o membro erguido, para mellorar o retorno venoso e diminuír o edema e o risco de síndrome compartimental.
- D) Aplicará calor.

102. Tras colocar unha sonda nasogástrica tipo Levin para alimentación, dos seguintes, cal sería o método máis fiable de comprobación?:

- A) Medir a distancia dende a punta do nariz do paciente á orella e dende aí ata o apéndice xifoide.
- B) Inxectar 30 ml de aire e escoitar o son co fonendoscopio situado no epigastrio.
- C) Introducir o extremo nun vaso de auga.
- D) Aspirar e comprobar o pH do líquido extraído.

103. Carlos, alérxico ao látex, ingresa para operarse ao día seguinte. É o segundo no parte de quirófano. Sinala a precaución incorrecta:

- A) Cubrir os cables da aparataxe que conteñan látex ou protexer ao paciente para que non entre en contacto con eles.
- B) O paciente baixará de primeiro ao bloque cirúrxico o día da cirurxía.
- C) Antes de entrar en quirófano cubrirase a cabeza do paciente cun gorro elástico cubrindo todo o pelo.
- D) Obter a medicación en ampolas.

104. Marcial é un paciente ingresado por un cadro de CAD (cetoacidose diabética). Que mecanismo compensador presentará nesta situación?

- A) Aumento de $p\text{CO}_2$.
- B) Diminución de $p\text{CO}_2$.
- C) Aumento do bicarbonato.
- D) Diminución do bicarbonato.

105. Os valores da gasometría arterial de Pedro son: pH: 7,47; PCO_2 : 41 mmHg; Bicarbonato: 32 mEq/l. Que tipo de alteración do equilibrio ácido-base presenta?

- A) Acidose metabólica.
- B) Acidose respiratoria.
- C) Alcalose metabólica.
- D) Alcalose respiratoria.

106. Utilizando a regra de Naegele, cal sería a data probable de parto dunha muller se o primeiro día da súa última regra foi o 18 de xaneiro do 2019?:

- A) 25 de outubro do 2019.
- B) 21 de outubro do 2019.
- C) 11 de outubro do 2019.
- D) 15 de outubro do 2019.

107. Carmen, de 48 anos, é unha doente que ingresa na súa unidade por meninxite. Na exploración física ten reflexado: SIGNO DE KERNIG POSITIVO. Ese signo de irritación menínxea consiste:

- A) Na dificultade ou imposibilidade para estender o xeonllo do doente de forma pasiva cando ten a coxa flexionada sobre a pelve en ángulo recto.
- B) Na flexión das pernas ao dobrar pasivamente o pescozo.
- C) Na extensión da primeira deda do pé, como consecuencia da estimulación da planta do pé.
- D) En presentar rixidez de caluga.

108. Iago é un doente de 44 anos, ingresado na súa unidade, ao que lle van practicar unha colecistectomía. Para prever a ISQ (infección do sitio quirúrxico), indique a resposta INCORRECTA:

- A) Recoméndase realizar ducha polo menos a noite anterior á cirurxía.
- B) Recoméndase rasurado da zona quirúrxica, aínda que as microabrasións que provoca, poden favorecer o crecemento microbiano.
- C) O emprego de maquina eléctrica con cabezal dun só uso respecto ao emprego do afeitado con coitela, non mellora a taxa de ISQ.
- D) O emprego de auga potable é eficaz na limpeza de feridas agudas e máis barato que outras solucións limpiadoras, aínda que cando a técnica empregada é a cura tradicional, recoméndase o lavado da ferida quirúrxica con soro salino estéril.

109. Para administrar a vacina antivariçela a Sonia, de 32 anos, diagnosticada de trombocitopenia, a enfermeira introducirá a agulla cun ángulo:

- A) De 45°, na pregadura producida ao beliscar cos dedos a pel e o tecido subcutáneo.
- B) De 90° con respecto á pel, tras elixir unha agulla con lonxitude proporcional ao peso da paciente.
- C) De 15°, e inxectará o líquido lentamente ata que se forme unha pápula.
- D) De 90°, preferiblemente no músculo glúteo.

110. A nai de Enrique pregúntalle sobre os SRI (Sistemas de Retención Infantil). Vostede coméntalle que deberá empregar de forma obrigatoria un sistema de retención homologado e adaptado á súa talla e peso cunha altura igual ou inferior a:

- A) 125 centímetros.
- B) 135 centímetros.
- C) 145 centímetros.
- D) 155 centímetros.

